



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 237

Serie A N.º 2620094

**ACTA DE SESION CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA OITO DE
OUTUBRO DE 2015, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO URXENTE**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente: D. JOSÉ LUIS GONZALEZ RODRIGUEZ
Tenente de Alcalde: D. XOSE UXIO RODRIGUEZ BLANCO
Dna. ELENA FREIJEDO LEDO
D. FLORENTINO NOGUEIRA RODRIGUEZ
Secretario: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Piñor, sendo as 20.00 horas do 8 de outubro do 2015, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don José Luís González Rodríguez, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA URXENTE a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, dáse conta da necesidade de tratar os asuntos que se inclúen na orde do día por trámite de urxencia, propoñendo que se adopte o acordo da declaración de urxencia dos citados puntos, aprobándose esta declaración por unanimidade dos asistentes.

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta de sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 10 de setembro do 2015, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta das comunicacións previas

2.1.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da *Resolución de Alcaldía de data de 10.09.2015* do expediente número 15/817 de comunicación previa presentada por Dna. MARIA VICTORIA PEREZ VAZQUEZ con NIF 76.712.971-J, para levar a cabo as obras consistentes na realización de chimenea na cuberta da vivenda con ref. cat. 001401900NH81A0001HF situada na parcela 50 do polígono 158, no núcleo de CARballediña do Concello e Piñor. Así mesmo realizarei a pavimentación con lousa de granito de patio de acceso de 85 m2 e a canalización da auga de pluviais á cuneta existente na estrada á que da fronte a parcela. Cumprindo as condicións marcadas polo informe da Deputación Provincial de Ourense con nº 337/2015 que tivo entrada no rexistro do Concello de Piñor con nº 1160 en data 31.08.2015.

Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente visita de comprobación do resultado das mesmas.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de corenta euros con trinta céntimos de euro (40,30 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS



2.2.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da *Resolución de Alcaldía de data de 01.10.2015* do expediente número 15/1245 de comunicación previa presentada por Dna. NIEVES FERNANDEZ RODRIGUEZ con NIF 34.565.072-M, para levar a cabo as obras consistentes no mantemento do aleiro dunha palleira. O aleiro ten 13 metros de lonxitude e necesita reparación das pezas de madeira que o conforman, non producíndose alteración do volume do material de cubrición e da estrutura nin do uso da edificación, no núcleo de Vilariño do Concello e Piñor.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de dezasete euros con dezaseis céntimos de euro (17,16 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

2.3.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da *Resolución de Alcaldía de data de 06.10.2015* do expediente número 15/417 de comunicación previa presentada por UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN con NIF A-63222533, para levar a cabo as obras consistentes na instalación soterrada RBT, no núcleo de Ovenza do Concello e Piñor. Segundo a memoria técnica presentada o efecto con nº 1.140 en data 26.08.2015, cumprindo as condicións marcadas polo informe do Servizo de Patrimonio Cultural con nº 58/39 que tivo entrada no rexistro do Concello de Piñor con nº 1349 en data 29.09.2015.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de quince euros con corenta e un céntimos de euro (15,41 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

2.4.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da *Resolución de Alcaldía de data de 08.10.2015* do expediente número 15/1312 de comunicación previa presentada por D. JOSE GONZALEZ RODRIGUEZ con DNI 34511507-F, para levar a cabo as obras consistentes na reparación nas mesmas condicións o 50% do teito de galpón no núcleo de Moire, no Concello de Piñor. Non se realizarán modificacións da estrutura nin no volume da edificación.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e sete euros con sesenta céntimos de euro (57,60 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 238

Serie A N.º 2620095

2.5.- Comunicación previa de obra

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 08.10.2015 do expediente número 15/1325 de comunicación previa presentada por D. PORFIRIO GONZALEZ CIVEIRA con DNI 76671898H, para levar a cabo as obras consistentes en encintar e pintar 14 m de fachada en galpón sito no núcleo de A Cal, no Concello de Piñor. Non se realizarán modificacións da estrutura nin no volume da edificación.

*Unha vez rematadas as obras deberase dar comunicado ó Concello para facer a pertinente **visita de comprobación** do resultado das mesmas.*

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de quince euros con doce céntimos de euro (15,12 €).

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

3º.- Aprobación si procede, da devolución do Aval a "Construcciones Pablo"

*En relación co escrito presentado por D. Pablo Rodríguez Rodríguez con N.I.F.: 44.475.100-T en representación de CONSTRUCCIONES PABLO, con data de entrada no rexistro do Concello de Piñor de 15.09.2015, no que se solicita a devolución do aval de data 24.04.2013, por importe de 2.847,00 € pola garantía definitiva da obra **MELLORA AMBIENTAL DO ENTORNO RURAL DO ARENTEIRO**. **PROPONSE:***

PRIMEIRO.- *Ordear que se proceda a devolución do aval mencionado anteriormente, debido que xa se cumpriu a súa función de garantía definitiva das obras.*

SEGUNDO.- *Dar traslado ó interesado do presente acordo.*

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade este acordo.

4º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 08/09/15, pola que se aproba clasificar as ofertas presentadas polos candidatos para a execución da obra Mellora das Infraestruturas do Concello de Piñor en a Cal, Valiño, A Devesa e Paredes, de conformidade coa seguinte orde crecente:

Electricidad Lousado, SL

Ingelector, SL

Cid Electricidad, SL

Notificar e requerirle a Electricidad Lousado, SL, licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa, para que presente a documentación xustificativa de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.2.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 08/09/15, pola que se aproba clasificar as ofertas presentadas polos candidatos para a execución da obra Mellora das Infraestruturas do Concello de Piñor en Vilanfesta e Casmoniño, de conformidade coa seguinte orde crecente:

CONSENOR, SL



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Proyectos y contratas Covelo, SL
Construcciones Rasoeiro, SL

Notificar e requerirle a CONSEÑOR, SL, licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa, para que presente a documentación xustificativa de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.3.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 08/09/15, pola que se acorda autorizar a celebración das festas na honra da Virxe da Peregrina, no lugar de Arenteiro, na parroquia de Barran, durante os días 12, 13 e 14 de setembro de 2015, segundo a solicitude presentada por D. Diego Alvarez Bouzo en representación da Asociación Deportiva e Cultural da Peregrina, en data do 24/08/15. A terminación da citada verbena axustarase o horario fixado regulamentariamente polo órgano competente e teranse en conta as prescricións expresadas na citada resolución.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.4.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 10/09/15, pola que se acorda aprobar as bases xerais de Axudas en Materia de Infancia 2015, procedendo a súa publicación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.5.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 14/09/15, pola que se resolve iniciar o expediente de Resolución do contrato do Servizo Integral de Dinamización Forestal, firmado pola entidade FMC forestal y medioambiente consultores por desestímulo da Administración e solicitar a emisión do informe sobre a lexislación procedente a seguir.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.6.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 16/09/15, pola que se resolve autorizar o enganche a rede de abastecemento municipal a D. Manuel Alfonso Fandiño Fernández para a vivenda sita no lugar de Piñor. Aprobar a liquidación da taxa de alta que será de 100.00€ e notificar á interesado do a presente resolución.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.7.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 28/09/15, pola que se aproba inscribir no Padrón Municipal a D. D.F.M. por cambio de residencia, notificar ó interesado a presente resolución, incluíndo esta variación de datos na información mensual que se remite ó INE e comunicar o concello no que está empadroado a presente inscrición co obxecto de que proceda á baixa automática.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.8.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 28/09/15, pola que se aproba inscribir no Padrón Municipal a D. X.P.F. por cambio de residencia, notificar ó interesado a presente resolución, incluíndo esta variación de datos na información mensual que se



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 239

Serie A N.º 2620096

remite ó INE e comunicar o concello no que está empadroado a presente inscrición co obxecto de que proceda á baixa automática.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.9.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 28/09/15, pola que se aproba inscribir no Padrón Municipal a D. N.V.J. por cambio de residencia, notificar á interesada a presente resolución, incluíndo esta variación de datos na información mensual que se remite ó INE e comunicar o concello no que está empadroado a presente inscrición co obxecto de que proceda á baixa automática.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.10.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 28/09/15, pola que se resolve autorizar o enganche a rede de sumidoiros de augas residuais a D. Carlos González Fernández para a vivenda sita no lugar de Cotelas. Aprobar a liquidación da taxa de alta que será de 50.00€ e notificar á interesado do a presente resolución.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.11.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 29/09/15, pola que aproba a certificación da obra Mellora das Infraestruturas do Concello de Piñor en A Cal, Valiño, A Devesa e Paredes, incluída na subvención en relación á Orde do 22 de decembro de 2014; realizada pola empresa Electricidad Lousado, S.L. e firmada polo técnico director das obras D. Angel Manuel González Pinto.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.12.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 29/09/15, pola que aproba a certificación da obra Mellora das Infraestruturas do Concello de Piñor en Vilanfesta e Casmoniño, incluída na subvención en relación á Orde do 22 de decembro de 2014; realizada pola empresa Electricidad Lousado, S.L. e firmada polo técnico director das obras D. Angel Manuel González Pinto.

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4.13.- Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data de 06/10/15, pola que se ordena se proceda a devolución da parte proporcional da garantía definitiva entregada en data 04/05/15 que corresponde a cantidade de 2.418,60€, debido a resolución de mutuo acordo do contrato, non sendo efectivas as anualidades do 2016 e 2017 a FMC forestal y medioambiente consultores en concepto do servizo denominado "SERVIZO INTEGRAL DE DINAMIZACIÓN FORESTAL".

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

5º.- Aprobación, se procede, de facturas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as facturas que se relacionan a continuación e que tiveron entrada no rexistro do Concello de Piñor, recoñecendo o gasto e ordenando



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

os Servicios de intervención para que se proceda a súa contabilización nas partidas correspondentes.

PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA	DATA REX	PARTIDA	IMPORTE	COMENTARIO
OBRAS Y SERVICIOS VIDUEDO, SL	11	08/05/2015	01/06/2015	619.01	3.872,00 €	Mantenemento estradas
OBRAS Y SERVICIOS VIDUEDO, SL	12	08/05/2015	01/06/2015	619.01	5.628,92 €	Mantenemento estradas
MANUEL GIL DIEGUEZ	1	06/05/2015	12/06/2015	619.01	1.452,00 €	Mantenemento estradas
PABLO RODRIGUEZ RODRIGUEZ	44	10/06/2015	12/06/2015	619.01	689,70 €	Mantenemento estradas
HORDESCON, SL	26	29/05/2015	17/06/2015	619.02	10.061,32 €	Subv. Plan Provincial
GAS NATURAL, SUIR	XULLO	17/08/2015	28/08/2015	221.00	3.304,68 €	Energía eléctrica
PATRICIA PAYO FERNÁNDEZ	VOLUNT	26/08/2015	28/08/2015	230	144,00 €	Dietsas Voluntariado
MAYRA YANELA ABRIGO GIJAMÁN	VOLUNT	28/08/2015	28/08/2015	230	144,00 €	Dietsas Voluntariado
INFORCOPIA ACO, SLL	1545	07/09/2015	08/09/2015	220	164,74 €	Material de oficina
CRISTINA CUÑARRO GUTIÉRREZ	VOLUNT	07/09/2015	08/09/2015	230	198,00 €	Dietsas Voluntariado
LORENA ALVAREZ GUTIÉRREZ	VOLUNT	07/09/2015	08/09/2015	230	156,00 €	Dietsas Voluntariado
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	2286	31/08/2015	09/09/2015	453	2.079,50 €	Xestión de tratamento de residuos
ATELIER SOCIAL, SL	32	31/08/2015	10/09/2015	226.09	270,00 €	Clases apoio escolar Verán
ULTRAMIC, SL	01-153298	31/08/2015	11/09/2015	204	1.136,30 €	Xestión e tratamento residuos
ESTACION DE SERVICIO ATENEO, SL	150	31/08/2015	11/09/2015	T. PREV	1.163,56 €	Combustible Brig. Limpeza
ESTACION DE SERVICIO ATENEO, SL	149	31/08/2015	11/09/2015	BRIG INC	187,74 €	Combustible Brig. Incendios
GAS NATURAL SERVICIOS, SA	FE15321179484847	03/08/2015	14/09/2015	221.00	226,71 €	Energía eléctrica
ROCÍO NIEVES MONTERO	3	31/08/2015	14/09/2015	AFD	5.362,36 €	Cuso AFD
GAS NATURAL SERVICIOS, SA	FE15321180452613	14/08/2015	15/09/2015	221.00	185,67 €	Energía eléctrica
AUTOCARES PEREZ, SA	87	31/08/2015	15/09/2015	226.09	385,00 €	Actividades verán
SANDRA GONZALEZ RODRIGUEZ	10	15/09/2015	15/09/2015	227.06	665,89 €	Asistencia técnica
GAS NATURAL SERVICIOS, SA	FE15321179592356	04/08/2015	16/09/2015	221.00	51,53 €	Energía eléctrica
GAS NATURAL SERVICIOS, SA	FE15321181048834	09/08/2015	16/09/2015	221.00	519,89 €	Energía eléctrica
GAS NATURAL SERVICIOS, SA	FE15321181048833	19/08/2015	17/09/2015	221.00	927,44 €	Energía eléctrica
RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS, SL	68	31/08/2015	18/09/2015	227.99	288,70 €	Servizo limpeza
RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS, SL	67	31/08/2015	18/09/2015	227.99	1.791,49 €	Servizo SAF
SUMINISTROS DE OFICINA SIERO, SL	20153465	18/09/2015	22/09/2015	220	301,49 €	Material Servizo Voluntariado
REALE SEGUROS GENERALES, SA	94976457	03/07/2015	23/09/2015	AFD	238,07 €	Cuso AFD
ROSACIA, SL	17	31/07/2015	23/09/2015	AFD	228,09 €	Cuso AFD
EMILIO MANUEL VIRGÓS SÁINZ	32	03/08/2015	23/09/2015	AFD	1.050,89 €	Cuso AFD
MARÍA PILAR RODRÍGUEZ ALVAREZ	23	04/08/2015	23/09/2015	AFD	410,19 €	Cuso AFD
ROSACIA, SL	18	06/08/2015	23/09/2015	AFD	368,87 €	Cuso AFD
MARÍA PILAR RODRÍGUEZ ALVAREZ	34	07/08/2015	23/09/2015	AFD	351,93 €	Cuso AFD
MARÍA PILAR RODRÍGUEZ ALVAREZ	43	14/08/2015	23/09/2015	AFD	389,22 €	Cuso AFD
MARÍA PILAR RODRÍGUEZ ALVAREZ	44	14/08/2015	23/09/2015	AFD	389,22 €	Cuso AFD



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 240

Serie A N.º 2620097



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

MARÍA PILAR RODRIGUEZ ALVAREZ	45	14/08/2015	23/09/2015	AFD	244,60 €	Cuso AFD
EMILIO MANUEL VIRGÓS SÁINZ	49	17/08/2015	23/09/2015	AFD	389,22 €	Cuso AFD
NOELIA FERNÁNDEZ FERREIRA	3	31/08/2015	23/09/2015	AFD	983,00 €	Cuso AFD
SISTEMAS INFORMÁTICOS EMISOFT, SL	127	31/08/2015	23/09/2015	AFD	188,76 €	Cuso AFD
ROSADLA, SL	29	31/08/2015	23/09/2015	AFD	471,90 €	Cuso AFD
DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE	378	02/09/2015	23/09/2015	461	821,11 €	Convenio obrigas municipais en materia de auga destinada a consumo humano
CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE	324	10/09/2015	23/09/2015	467	651,00 €	Aportación municipal Xantar na Casa
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, SL	2750	15/09/2015	28/09/2015	210	86,87 €	Materiales obras
CAIÑA, SL	1	22/09/2015	29/09/2015	BRIG INC	484,00 €	Curso Brigada Incendios
ARMANDO BARCALA DE LA FUENTE	8226	30/09/2015	01/10/2015	BRIG INC	907,50 €	Aluguer vehículo brig. Incendios
SANDRA GONZALEZ RODRIGUEZ	12	01/10/2015	01/10/2015	227.06	1.498,25 €	Asistencia técnica
JOSE LUIS RODRIGUEZ GONZALEZ	4338	30/09/2015	02/10/2015	210	60,10 €	Materiales obras
ESTACION DE SERVICIO ATENEO, SL	157	30/09/2015	06/10/2015	T. PREV	988,61 €	Combustible Brig. Limpieza
ESTACION DE SERVICIO ATENEO, SL	158	30/09/2015	06/10/2015	BRIG INC	148,50 €	Combustible Brig. Incendios
JULIA RODRIGUEZ PARGA	68	30/09/2015	06/10/2015	BRIG INC	3.653,45 €	Materiais brigada incendios
KASAKA SISTEMAS ENERGÉTICOS, SL	70/2015	02/10/2015	07/10/2015	633.01	2.691,46 €	Subv. Fondo Compensación Ambiental non compet.

A Xunta de Goberno acorda non aprobar por non haber xustificación dos traballos realizados as factura que se relaciona a continuación:

JESUS MARTINEZ BEN	11	04/08/2015	04/08/2015	227.06	1.563,50 €	Servizo integral dinamización forestal
JESUS MARTINEZ BEN	12	15/09/2015	24/09/2015	227.06	4.538,78 €	Servizo integral dinamización forestal

Dáse conta do Decreto de Alcaldía de data de 28/09/15, pola que se ordena aprobar por os seguintes gastos, recoñecéndolos e ordenando os servizos de intervención para que procedan a súa contabilización nas partidas correspondentes e se proceda o pago coa maior brevidade posible para proceder a xustificar as subvencións correspondentes.

PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA	DATA REX	PARTIDA	IMPORTE	COMENTARIO
PLACIDO FARIÑAS, SL	87	23/09/2015	23/09/2015	5. EQUIP	1.742,29 €	Subv. Equipamentos
ELECTRICIDAD LOUSADO, SL	153	28/09/2015	28/09/2015	633.00	13.922,03 €	Subv. Infraestructuras
CONSERNOR, SL	150	28/09/2015	28/09/2015	639.01	17.100,00 €	Subv. Infraestructuras

A Xunta de Goberno procede a ratificar este decreto.



6º.- Aprobación, se procede, do acordo de concertación de operación de financiación con cargo ó dereito recoñecido pola Subvención de Melloras de Infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais (DOG nº 245, 23 de decembro)

Dáse conta de que dito punto é competencia deste órgano en función da delegación de competencias na Xunta de Goberno Local aprobada en sesión plenaria de vinte e oito de setembro de dous mil quince.

Á vista do produto financeiro que ofrece a entidade bancaria BBVA Empresas, no que permite endosar os Dereitos Recoñecidos procedentes de Subvencións e debido a necesidade de obter recursos financeiros temporais para cubrir o desfase puntual entre cobros e pagos, xurdidos con motivo de ter que anticipar os pagos das facturas pertencentes ás subvencións para proceder a xustificación das citadas.

Vista a resolución da Subvención de Mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, regulada na ORDE do 22 de decembro de 2014 (DOG 245, do 23 de decembro), da Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

*En vista dos informes emitidos por Secretaría – Intervención **ACÓRDASE:***

Aprobar o expediente para proceder a concertar a operación financeira cuxo obxecto é endosar un dereito recoñecido dunha subvención para adiantar o importe que ascende a cantidade de 20.597,86 € que adeuda a esta entidade a Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade este acordo.

7º.- Aprobación, se procede, da designación do presidente e do suplente do Consorcio contra incendios e salvamento das Comarcas do Carballiño e Ribeiro.

Nomease como representante a D. José Luís González Rodríguez (Alcalde do Concello de Piñor), e a D. Manuel Diéguez Guerra (Tenente de Alcalde do Concello de Piñor) ante o Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Carballiño e do Ribeiro, con vistas a proceder a dar cumprimento o establecido nos Estatutos.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade estas designacións.

8º.- Aprobación, se procede, para a adhesión o Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública e designación, se procede da persoa responsable de transparencia da entidade local.

Dáse conta de que dito punto é competencia deste órgano en función da delegación de competencias na Xunta de Goberno Local aprobada en sesión plenaria de vinte e oito de setembro de dous mil quince.

*A vista do Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais en materia de transparencia e acceso a información pública **ACÓRDASE:***

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Piñor ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 241

Serie A N.º 2620098

SEGUNDO.- Transferirle á Deputación de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no citado convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Marta Fernández Guerra. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ó alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.

A Xunta de Goberno aproba por unanimidade este acordo.

Conclúe ao fin das 21.15 horas.



PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS